

INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULAN AS CATEGORÍAS ESTATUTARIAS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE NO ÁMBITO DA BIBLIOTECONOMÍA E DOCUMENTACIÓN

De conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, en relación co proxecto de Decreto polo que se regulan as categorías estatutarias do Servizo Galego de Saúde no ámbito da biblioteconomía e documentación, emite o seguinte

INFORME

1. Marco normativo e competencial

O artigo 33.1 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior, e dispón que poderá organizar e administrar, para tales fins e dentro do seu territorio, todos os servizos relacionados coa materia expresada.

A nivel estatal, a Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, ten por obxecto establecer as bases reguladoras da relación funcional especial do persoal estatutario dos servizos de saúde que conforman o Sistema Nacional de Saúde a través do Estatuto Marco do dito persoal, sendo polo tanto de aplicación ao persoal estatutario que desempeña a súa función nos centros e institucións sanitarias dos servizos de saúde das comunidades autónomas ou nos centros e servizos sanitarios da Administración Xeral do Estado. A citada lei dítase ao amparo do título competencial recollido no artigo 149.1.18 da Constitución, polo que as súas disposicións constitúen bases do réxime estatutario do persoal incluído no seu ámbito de aplicación.

En concreto, o artigo 14.1 da anterior lei refírese á ordenación do persoal estatutario, sinalando que *"De acordo con el criterio de agrupación unitaria de las funciones, competencias y aptitudes profesionales, de las titulaciones y de los contenidos específicos de la función a desarrollar, los servicios de salud establecerán las diferentes categorías o grupos profesionales existentes en su ámbito"*.

Pola súa banda, o artigo 15.1 da mesma, na redacción dada polo Real Decreto-lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións, establece que cada servizo de

saúde establecerá, modificará ou suprimirá as categorías do seu persoal estatutario de acordo coas previsións contidas no propio Estatuto Marco.

A nivel autonómico, a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, recolle tamén esta posibilidade de creación, modificación ou supresión de categorías de persoal estatutario, dedicando o seu Título VIII á regulación dos empregados e empregadas da saúde do Sistema Público de Saúde de Galicia (SPSG). Este colectivo, entendido como o conxunto de empregados e empregadas que prestan servizos nas institucións e estruturas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do ámbito competencial da Consellería de Sanidade e dos organismos dela dependentes, está integrado por persoal estatutario, persoal funcionario, persoal transferido de outras administracións públicas e persoal que preste servizos nas entidades de titularidade pública, con personalidade xurídica propia, que estean adscritas á Consellería de Sanidade. Con carácter xeral, o réxime xurídico dos empregados e empregadas públicas de saúde do SPSG será o correspondente á relación funcional do persoal estatutario.

Polo que respecta á clasificación do persoal, o artigo 113 da mencionada lei establece que:

"1. A ordenación do persoal realizarase segundo a súa dependencia orgánica e réxime xurídico de pertenza e de conformidade cos criterios de clasificación determinados pola normativa vixente, atendendo á función desenvolvida, ao nivel de titulación exixido para o ingreso e ao nomeamento. Poderase realizar a clasificación do persoal por categorías e áreas funcionais atendendo ás competencias técnicas e capacidades comúns do grupo de titulación. Na clasificación do persoal poderanse ter en conta criterios que propugnen o traballo en equipo e faciliten a realización dos procesos asistenciais ou administrativos auxiliares.

(...)

4. A creación, modificación e supresión de categorías estatutarias realizarase por decreto do Consello de la Xunta..."

2. Necesidade e oportunidade

Este proxecto regulamentario adecúase ao que dispón o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en relación cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia. De igual modo cumpre co disposto no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Os ditos preceptos esixen que en todas as iniciativas normativas se xustifique a súa adecuación aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade, eficacia e eficiencia.

Segundo explica a parte expositiva do proxecto de decreto obxecto de informe e as



memorias que acompañan a este, os motivos para regular as categorías estatutarias do Servizo Galego de Saúde no ámbito da biblioteconomía e documentación, son os seguintes:

As bibliotecas do Servizo Galego de Saúde, cuxo papel na organización foi potenciado coa creación da biblioteca virtual Bibliosaúde por Orde da Consellería de Sanidade do 8 de xuño de 2011 (Diario Oficial de Galicia núm. 124, do 29 de xuño), desenvolven a función esencial de difundir o coñecemento científico-técnico nas ciencias da saúde e poñer a disposición das persoas usuarias información relevante e actualizada para a toma de decisións na práctica clínica, a docencia, a investigación e a xestión.

En consecuencia con ese relevante papel e na procura de impulsalo, considérase preciso dotar dun marco normativo propio, mediante este decreto, ao persoal estatutario con formación universitaria no ámbito da biblioteconomía e documentación.

En relación á regulación das ditas categorías que se recolle no proxecto de decreto, merecen especial mención dúas previsións. Por unha parte, a decisión de ordenar este persoal en dúas categorías de diferente nivel e clasificación e por outra, a esixencia, para acceder a estas, de titulacións universitarias específicas do ámbito da biblioteconomía e documentación.

No que se refire ao primeiro particular, a decisión de ordenar este persoal en dúas categorías atende á realidade actual do persoal con titulación superior que presta servizos nas bibliotecas, o cal accedeu ao emprego público con titulacións universitarias de diverso nivel, así como a conveniencia de seguir contando con persoal que asuma diferentes, aínda que próximos, ámbitos funcionais e niveis de responsabilidade. Esas dúas categorías son, por unha parte, a xa existente de bibliotecario/a; por outra, a categoría de nova creación de técnico/a de grao medido en biblioteconomía e documentación.

No que respecta á esixencia de títulos universitarios específicos, resulta obvio que o mellor desenvolvemento das funcións de biblioteconomía e documentación, e xa que logo o interese xeral da organización, acadarase coa incorporación de profesionais especificamente formados e titulados polo sistema universitario nese ámbito de coñecemento.

3. Tramitación

No que respecta á instrución na elaboración do proxecto, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións que conteñen os artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro (LOFASGA).

Constan evacuados os seguintes trámites:

- Consta no expediente o acordo de inicio de elaboración do anteproxecto do 09.02.2022, asinado polo conselleiro de Sanidade (artigo 41.1 LOFASGA).



- Incorporouse ao expediente unha memoria xustificativa da non necesidade de realización do trámite de consulta pública previa esixido polos artigos 41.2 LOFASGA e 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), asinada polo secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade o 11.02.2022.

- A Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, en tanto que centro directivo impulsor, remitiu á Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Administrativo da Consellería de Sanidade o borrador da disposición acompañado dos seguintes documentos:

- Unha memoria xustificativa relativa á legalidade, acerto e oportunidade do anteproxecto (artigo 41.3.a) LOFASGA), asinada pola directora xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde o 16.02.2022.
- Unha memoria económico-financieira do 07.04.2022, asinada pola mesma directora xeral, na que se analiza o impacto retributivo que terá a regulación destas categorías estatutarias (artigo 41.3.b) LOFASGA).
- Unha táboa de vixencias do 16.02.2022, relativa á normativa aplicable e afectada polo decreto (artigo 41.3.d) LOFASGA).

- Unha vez recibida a dita documentación e logo do seu estudo, o Servizo Técnico Xurídico I da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Administrativo da Consellería de Sanidade, elaborou o informe preceptivo do 22.04.2022 (artigo 41.3.c) LOFASGA).

- A persoa titular da Consellería de Sanidade aprobou inicialmente o anteproxecto como proxecto o 06.05.2022 (Artigo 41.4 da LOFASGA).

- Consta tamén un acordo de non sometemento do proxecto aos trámites de información pública e audiencia, consonte co sinalado no artigo 42.6 in fine da LOFASGA, 09.05.2022. Non entanto, o dito proxecto figura aínda a día de hoxe publicitado no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia (apartado de normativa "pendente de aprobación"), en cumprimento do disposto no artigo 9.c) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Da tramitación do proxecto e ao abeiro do que exige o artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, así como a pertinente normativa sectorial de aplicación, derivan os seguintes informes:

- a) O informe da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, do 23.05.2022.
- b) O informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, do 23.05.2022.
- c) O informe de impacto de xénero da Secretaría Xeral da Igualdade, do 02.06.2022.



- d) O informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, do 09.06.2022.
- e) O informe da Dirección Xeral da Función Pública, do 05.07.2022.
- f) Valoración dos informes da Secretaría Xeral da Igualdade e da Dirección Xeral da Función pública, asinada o 22.07.2022 polo xefe de Servizo de Planificación Normativa da Dirección Xeral de Recurso Humanos.
- g) O informe da Asesoría Xurídica da Consellería de Sanidade, do 26.10.2022. O devandito informe conclúe sinalando que "entende que o contido do Proxecto de Decreto polo que se regulan as categorías estatutarias do Servizo Galego de Saúde no ámbito da biblioteconomía e documentación axústase a Dereito".

En cumprimento das suxestións realizadas anteriormente polo Consello Consultivo de Galicia, a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde ten completado o expediente coa remisión dunha certificación do 15.07.2022, acreditativa da negociación do Anteproxecto do decreto polo que se regulan as categorías estatutarias do Servizo Galego de Saúde no ámbito da biblioteconomía e documentación, na Mesa Sectorial de negociación do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

4. Contido e estrutura do proxecto de decreto

O proxecto normativo examinado consta dunha parte expositiva, 6 artigos, dúas disposicións transitorias (a primeira relativa á valoración dos servizos prestados e a segunda á ordenación do persoal temporal), unha disposición derogatoria única e dúas derradeiras (a primeira contén unha habilitación para o seu desenvolvemento normativo e a segunda dispón a entrada en vigor da disposición no prazo xeral de vacatio legis previsto no artigo 2.1 do Código Civil).

O contido da norma é o seguinte:

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 2. Categorías do ámbito da biblioteconomía e documentación

Artigo 3. Réxime xurídico

Artigo 4. Acceso

Artigo 5. Funcións

Artigo 6. Cadro de persoal

Disposición transitoria primeira. Valoración de servizos prestados

Disposición transitoria segunda. Ordenación do persoal temporal

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa

Disposición derradeira primeira. Habilitación normativa

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

5. Legalidade



Nas memorias e informes que se uniron ao expediente queda perfectamente xustificada a adecuación desta iniciativa regulamentaria aos principios de necesidade, proporcionalidade, simplicidade e eficacia que recolle o artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico; así mesmo, os principios de seguridade xurídica, transparencia e accesibilidade mencionados no devandito precepto respectáronse en todo momento durante a tramitación do proxecto, que se axustou ao que preceptúan os artigos 40 e seguintes da LOFASGA.

Previo ditame do Consello Consultivo de Galicia, este proxecto someterase á aprobación definitiva da persoa titular da Consellería de Sanidade, e finalmente remitirase á Comisión de Secretarios Xerais previa á súa aprobación polo Consello da Xunta, segundo o artigo 43 da LOFASGA.

De acordo co indicado considérase que este proxecto de decreto reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se emite a seguinte PROPOSTA:

Informar favorablemente este proxecto de decreto conforme a súa legalidade.

Santiago de Compostela,

A subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo

María Jesús Rúa Moure

A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, logo de ver a proposta da subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo, considera que o proxecto de decreto sometido a informe se axusta á legalidade vixente, polo que o informa favorablemente (artigo 43.2 da LOFASGA).

Santiago de Compostela,

O secretario xeral técnico

Alberto Fuentes Losada



Documento asinado dixitalmente por:
María Jesús Rúa Moure (28/10/2022 15:02)
Alberto Fuentes Losada (28/10/2022 15:06)
<https://sede.xunta.gal/cve?dcve=SAOC-B4G4-BOAH-OF40-TS46-MC9C-ZQWK-L166-6962-4203-45>

